



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería materno-infantil

Materia	Enfermería materno-infantil			
Código	O51G140V01302			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, Raquel			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Raquel			
Correo-e	raquel.perez.rodriguez@sergas.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia abordárase todo o proceso vital da muller así como da etapa pediátrica, profundando nos coidados de enfermaría necesarios nestas dúas etapas da vida, en relación a: alteracións da saúde, coidados de enfermaría (técnicas, procedementos, etc) medidas preventivas e educación para a saúde.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermaría, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional adecuada as necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenrolo dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais y deontolóxicas aplicables.
B2	Saber planificar e prestar coidados de enfermaría dirixidos as persoas, familias o grupos, orientados aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cuales se diagnostica, trata ou cuida un problema de saúde.
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural
B5	Diseñar sistemas de coidados dirixidos as persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as suas opinións, creencias e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocuidado, apoiando o mantemento de conductas preventivas e terapéuticas
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz cos pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde
B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermaría española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial na transformación

C34	Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar proporcionando os cuidados necesarios en cada etapa.
C35	Aplicar cuidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións.
C36	Coñecer os aspectos específicos dos cuidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
C37	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse.
C38	Aplicar as técnicas que integran o cuidado de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus cuidadores.
C39	Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento.
C40	Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos pais ou cuidadores primarios.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D10	Motivación pola calidade
D11	Sensibilidade hacia temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de planificar cuidados de enfermaría nas distintas etapas da vida da muller, dentro do contexto familiar e comunitario, para lograr un estado de saúde óptimo ou recuperar a saúde, baseándose a toma de decisións, en datos obxectivos, feitos científicos e evidencias clínicas.	A1	B1	C34	D1
	A2	B2		D2
	A3	B4		D3
	A4	B5		D4
	A5	B7		D5
		B8		D6
		B9		D7
		B10		D8
		B11		D9
		B12		D10
				D11
Saber describir os cambios que acontecen no organismo durante a xestación, parto e puerperio.	A1	B12	C35	D1
	A2			D2
	A3			D3
	A4			D4
	A5			D5
				D6
				D7
				D8
				D9
				D10
				D11
Saber describir, as intervencións e actividades axeitadas a prevención e tratamento dos problemas de saúde, na infancia e na adolescencia, e planificar os cuidados garantindo o dereito a dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión, do neno e a súa familia.	A1	B1	C36	D1
	A2	B2	C37	D2
	A3	B7	C38	D3
	A4	B8	C39	D4
	A5	B9	C40	D5
		B10		D6
		B11		D7
		B12		D8
				D9
				D10
				D11

Contidos

Tema

Reproducción humana	Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor feminino e masculino
	Sexualidade humana
	Infeccións de transmisión sexual (ITS)
Control da natalidade	Planificación familiar
Xestación. Xestación de alto risco	Fecundación e desenvolvemento fetal
	Xestación, normal e de alto risco
Problemas de saúde na xestante	Control da saúde na xestación patolóxica
Parto e puerperio. Coidado prenatal	Parto normal, de urxencia. Puerperio
	Coidados inmediatos de enfermaría a/o recén nada/o
Problemas de saúde reprodutiva	Alteracións da saúde a nivel xinecolóxico
	Etapa do climaterio na muller
Características da muller nas diferentes etapas do ciclo vital	Control de saúde da muller nas diferentes etapas da vida
	Responsabilidade do profesional de enfermaría nos casos de violencia de xénero. Detección de casos, actuación e prevención
Introdución a enfermaría pediátrica	Coidados, técnicas e procedementos de enfermaría máis frecuentes en pediatría
Recén nada/o san. Desenvolvemento e crecemento	Recén nada/o san
	Alimentación e nutrición, desde o nacemento até a adolescencia
	Vacunación na infancia e na adolescencia
A/o nena/o hospitalizada/o	Hospitalización na idade pediátrica
	Programa de atención integral pediátrica durante a hospitalización
Recén nada/o de alto risco	Recén nada/o patolóxica/o
Problemas de saúde máis frecuentes na infancia	Alteracións da saúde máis frecuentes en pediatría
	Coidados de enfermaría pediátricos en situacións especiais
	Prevención e actuación de enfermaría en situacións de urxencia/emergencia na idade pediátrica
	Maltrato infantil

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	52	84	136
Traballo tutelado	6	18	24
Seminario	10	21	31
Exame de preguntas obxectivas	2	32	34

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado, dos contidos da materia obxecto de estudo.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre cada tema específico: presentación e manexo do material correspondente, práctica de técnicas e procedementos relacionados en cada caso, etc que permiten afondar e/ou complementar os contidos da parte teórica da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado, para o asesoramento/desenvolvemento de actividades e contidos da materia, no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
<p>Seminario</p> <p>A avaliación da parte de seminarios da materia, contará con dous apartados:</p> <p>1º. Avaliación continuada dos seminarios.</p> <p>Esta avaliación farase ao longo do cuadrimestre no que se imparte a materia, mediante a observación das habilidades e destrezas mostradas polo alumnado durante os seminarios, así coma a súa participación nos temas expostos na aula.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>Será preciso superar esta parte dos seminarios, para poder superar a materia.</p> <p>Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total da materia.</p> <p>A asistencia aos seminarios é obrigatoria, mínimo o 90% do total das horas asignadas, no caso contrario, o alumnado pasará a ser avaliado segundo os criterios establecidos para a "modalidade non presencial dos seminarios".</p> <p>2º. Traballo en materia de violencia de xénero.</p> <p>O alumnado deberá facer este traballo en grupo, segundo os criterios que se indiquen oportunamente ao inicio do curso. A exposición e defensa do mesmo, será na aula, nas datas previamente marcadas. Avaliarase individualmente a cada un dos participantes do grupo de traballo.</p> <p>A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>Será preciso superar esta parte dos seminarios, para poder superar a materia.</p> <p>Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total da materia.</p> <p>Para poder superar esta parte de seminarios da materia, será preciso superar a avaliación continuada e a exposición e defensa do traballo, o que suporá no total, o 40% da puntuación total da materia.</p>	40	<p>A1 B1 C34 D1</p> <p>A2 B2 C35 D2</p> <p>A3 B4 C36 D3</p> <p>A4 B5 C37 D4</p> <p>A5 B7 C38 D5</p> <p>B8 C39 D6</p> <p>B9 C40 D7</p> <p>B10 D8</p> <p>B11 D9</p> <p>B12 D10</p> <p>D11</p>
<p>Exame de preguntas obxectivas</p> <p>Neste apartado avaliarase o contido teórico da materia, tanto a parte de materno como a de pediatría, mediante a realización dun exame de preguntas obxectivas (tipo test), con varias opcións de resposta, sendo só unha destas certa.</p> <p>Dita proba, farase na data marcada no calendario oficial académico.</p> <p>A fórmula que se utilizará para obter a puntuación neste apartado será: (A-E, acertos-erros).</p> <p>As preguntas en branco, non restan puntuación.</p> <p>A cualificación para ser apto neste apartado, será de 5 ou máis puntos sobre 10.</p> <p>É preciso superar esta parte, para poder superar a materia.</p> <p>Esta avaliación suporá o 60% da puntuación total da materia.</p>	60	<p>C34</p> <p>C35</p> <p>C36</p> <p>C37</p> <p>C38</p> <p>C39</p> <p>C40</p>

Modalidade non presencial dos seminarios.

A esta modalidade, poderase acoller o alumnado que con causa debidamente xustificada, non lle sexa posible asistir ao 90% do total de horas asignadas para os seminarios, para o cal deberá ao inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia (na 1ª semana), comunicar a profesora responsable da mesma, mediante solicitude por escrito, a súa petición para a "modalidade non presencial", indicando cal é a causa que impide a súa asistencia a ditos seminarios.

No caso do alumnado que por diferentes motivos, aínda asistindo a algún seminario, non chegue a acadar a asistencia establecida do 90%, pasará igualmente a esta "modalidade non presencial dos seminarios".

Avaliación da modalidade non presencial dos seminarios.

1º. O alumnado terá que facer unha proba práctica na aula, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia.

Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 1ª edición ordinaria.

A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.

Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total da materia.

2º. O alumnado terá que facer un traballo individual ou en grupo, en materia de "violencia de xénero", segundo os criterios que se indiquen oportunamente ao inicio do cuadrimestre.

Dito traballo será exposto e defendido na aula, nas datas previamente marcadas.

No caso de que o alumnado faga o traballo en grupo, será cualificado individualmente.

A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10.

Esta avaliación suporá o 20% da puntuación total da materia.

É preciso superar estas dúas probas de avaliación, para poder superar a parte de seminarios da materia; o que suporá no total, o 40% da puntuación total da materia.

3º. O alumnado nesta modalidade, terá que facer de igual xeito, o exame de preguntas obxectivas (tipo test), segundo os criterios antes indicados para a modalidade presencial. Esta avaliación suporá o 60% da puntuación total da materia.

2ª edición ordinaria (xullo).

A esta convocatoria deberá presentarse o alumnado que non teña superada algunha/s das partes correspondentes a esta materia:

- No caso de non ter feito ou superado o exame de preguntas obxectivas (tipo test), o alumnado deberá facelo cumprindo con os mesmos criterios establecidos para a 1ª edición ordinaria. Dita proba farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 2ª edición ordinaria.

- No caso de non ter superada a avaliación continuada (modalidade presencial) ou non ter feita ou superada a proba práctica correspondente a parte de seminarios da materia (modalidade non presencial dos seminarios), o alumnado deberá facer unha proba práctica na aula, en relación aos contidos impartidos nos seminarios da materia, e cumprir con os mesmos criterios de avaliación establecidos para a 1ª edición ordinaria (modalidade non presencial dos seminarios). Esta proba práctica farase na data marcada no calendario oficial académico, para a 2ª edición ordinaria.

- No caso de non ter feito ou superado o traballo en materia de "violencia e xénero", o alumnado deberá facelo segundo os criterios establecidos para a súa realización e deberá cumprir con os mesmos criterios de avaliación establecidos, para a 1ª edición ordinaria, tendo como prazo máximo para a entrega deste traballo, o día antes da data marcada no calendario oficial académico, para realizar as probas de avaliación desta materia na 2ª edición ordinaria.

Para superar a materia nesta 2ª edición ordinaria, será preciso superar as dúas partes dos seminarios (proba práctica e traballo) e o exame de preguntas obxectivas (tipo test).

Convocatoria de Fin de carreira.

O alumnado poderá presentarse a esta convocatoria de fin de carreira (previa matrícula específica para esta convocatoria) na que prevalecerán os mesmos criterios de realización e de avaliación indicados para a 1ª e 2ª edición ordinaria.

As probas de avaliación correspondentes, faranse na data indicada no calendario oficial académico para esta convocatoria de [fin de carreira].

Outros comentarios.

As datas oficiais para a realización das probas de avaliación desta materia, nas súas dúas edicións, serán as marcadas no calendario oficial académico da UVigo. Ditas datas estarán disponibles para o alumnado tanto na páxina web da Escola coma no taboleiro de información para o alumnado no centro.

*A data de revisión das probas de avaliación nas súas diferentes convocatorias, serán comunicadas oportunamente por parte da profesora da materia, no momento da publicación da lista de cualificacións provisionais.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Torrens RS, Mtnéz C, **Enfermería de la mujer**, 2ª, DAE-Paradigma, 2012

Aguilar, M.J, **Tratado de enfermería infantil: cuidados pediátricos**, 2ª, Elsevier, 2012

Rodgers CC, Wilson D, Hockenberry MJ, **Wong. Enfermería Pediátrica**, 10ª, Elsevier, 2019

Morales IM, García JM, **Cuidados intensivos pediátricos**, 1ª, DAE, 2010

Bibliografía Complementaria

Perry SE, Cashion K, Lowdermilk DL, **Maternidad y salud de la mujer**, 9ª, Elsevier, 2008

Towle, M.A, **Asistencia de enfermería materno-neonatal**, 1ª, Pearson, 2010

Mtnéz MR, Ruiz MD, Glez P, **Enfermería del niño y adolescente I**, 2ª, DAE - Paradigma, 2012

Mtnéz MR, Ruiz MD, Glez P, **Enfermería del niño y adolescente II**, 2ª, DAE-Paradigma, 2012

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas III/O51G140V01306

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/O51G140V01301

Prácticas clínicas II/O51G140V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101

Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105

Fundamentos de enfermería/O51G140V01107

Psicoloxía: Psicoloxía/O51G140V01102

Enfermería clínica I/O51G140V01204

Enfermería clínica II/O51G140V01205

Enfermería comunitaria II/O51G140V01206

Ética e lexislación/O51G140V01202

Farmacoloxía e dietética/O51G140V01203

Introdución á enfermería clínica/O51G140V01201

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma "Faitic" da Universidade de Vigo, para manter comunicación académica-docente co alumnado (documentación, anuncios, cualificacións, etc) para o que será preciso, que ao inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia, o alumnado verifique que está dado de alta na plataforma correctamente.

O alumnado deberá entregar á profesora, na 1ª semana do inicio do cuadrimestre no que se imparte a materia, a ficha correspondente para a/o alumna/o, debidamente cumprimentada.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo, establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado, a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen.

No caso dos seminarios, será de igual xeito obrigatorio asistir ao 90% do total de horas asignadas para os mesmos, aínda que estes sexan impartidos de xeito virtual. O alumnado que non cumpra este criterio, pasará a ser avaliado segundo os criterios establecidos para a modalidade non presencial dos seminarios.

Continuarase utilizando a plataforma Fatic da UVigo, para disponibilizar ao alumnado, a documentación necesaria en relación aos contidos da materia, tanto da parte teórica coma da parte práctica/seminarios.

* Metodoloxías docentes que se modifican.

No caso de non ser posible impartir a docencia (tanto teórica coma práctica/seminarios) de modo presencial, de xeito total ou parcial e polo tempo que sexa preciso, utilizarase a aula virtual do Campus Remoto da UVigo, para impartir dita docencia de modo virtual, nos horarios que se establezan e previo aviso en tempo e forma ao alumnado matriculado na materia.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías).

A atención personalizada co alumnado por parte da profesora da materia, farase a través do correo electrónico, do Fatic, así coma no despacho virtual do Campus Remoto da Uvigo (se fose preciso) previa cita.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

No caso de que non sexa posible facer a avaliación da materia de modo presencial (tanto da parte teórica coma da parte práctica/seminarios) e nas edicións que correspondan, dita avaliación farase do seguinte xeito:

Avaliación da parte teórica da materia. Será mediante a realización dun exame virtual de preguntas obxectivas (tipo test), a través da plataforma Fatic-Moodle da UVigo.

Os criterios marcados para esta avaliación, serán iguais aos indicados no caso de que a avaliación fose presencial. Proba tipo test, con varias opcións de resposta, sendo só unha destas certa, a fórmula a aplicar será a de (A-E, acertos-erros), as preguntas en branco non restan puntuación, a puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10, é será preciso superar esta parte, para poder superar a materia.

A puntuación obtida nesta parte, suporá o 60% da puntuación total da materia.

Avaliación da parte de seminarios da materia. Será tanto para o alumnado da modalidade presencial coma o da non presencial dos seminarios, do seguinte xeito:

- Avaliación continuada dos seminarios. Ésta farase mediante unha proba virtual de supostos prácticos, a través da plataforma Fatic-Moodle da UVigo.

Os criterios marcados para esta avaliación serán iguais aos indicados no caso de que a avaliación fose presencial en canto a que, a puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10 e que será preciso superar esta avaliación, para poder superar a parte dos seminarios así como para poder superar materia.

A puntuación obtida nesta parte, suporá o 20% da puntuación total da materia.

- Realización dun traballo en materia de violencia de xénero. Éste deberá ser feito individualmente ou en grupo (dependendo do momento no que entren en vigor as medidas excepcionais) e segundo a normativa indicada en tempo e forma ao alumnado. A única excepción neste caso é que o traballo non será exposto presencialmente na aula.

Os criterios marcados para esta avaliación serán iguais aos indicados no caso de que a avaliación fose presencial. A puntuación para ser apto neste apartado será de 5 ou máis puntos sobre 10. Será preciso superar esta parte, para poder superar a parte dos seminarios así como para poder superar a materia.

A puntuación obtida nesta parte, suporá o 20% da puntuación total da materia.

* Información adicional.

Os criterios de avaliación para poder superar a materia, serán iguais aos establecidos no caso de que a docencia fose presencial, polo tanto para poder superar a materia, será preciso, superar as tres partes da mesma: exame de preguntas obxectivas (tipo test), proba de supostos prácticos dos seminarios e o traballo en materia de violencia de xénero.
